

# TOMAS RICO JIMENO E O EXCURSIONISMO ESCOLAR RELACIONADO COA NATUREZA

Xosé A. Fraga Vázquez

*A Natureza ofreceu, historicamente, múltiples posibilidades de atención e actividade; foi obxecto de estudo, de preocupación, de disfrute, de atención artística, e tamén utilizada para uso educativo. O excursionismo, contacto organizado coa Natureza, pode recoller esas diversas posibilidades. Nesta ocasión atenderemos ao excursionismo escolar promovido por Tomás Rico Jimeno.*




**R**ico Jimeno foi un activo catedrático de História Natural do Instituto de A Coruña nas décadas finais do século XIX. Chegou á praça do centro herculino, procedente do Instituto de Osuna, o Curso 1876-77. Este profesor integrariase na vida cultural e social da cidade, colaborando en xornais e chegando a ser concelleal republicano no Concello coruñés.

O labor de Rico estivo centrado nunha importante actividade docente e divulgadora. A sua chegada á cátedra refléxase nun claro crecemento das actividades desenvoltas pola cátedra de História Natural e no estilo práctico destas. Este ensino práctico, na liña dos modelos pedagóxicos *activos* e *intuitivos*, tiña duas manifestacións fundamentais. Unha, de longa tradición, atendía á recolección de seres naturais, á formación de herbários e observación directa dos seres; a outra expresión da proposta atopábase no impulso das clases prácticas e das excursións, saídas á Natureza, cuestión que aqui queremos salientar.

Se ben existen precedentes de excursionismo escolar no ámbito do ensino secundario galego escasean os dados precisos sobre o desenvolvimento de excursións nos Institutos galegos. A referencia que temos de excursións escolares cunha mínima continuidade, organización e coeréncia peda-

góxica corresponde ás que se levaron a cabo no Instituto da Coruña hai un século, básicamente propiciadas por Rico Jimeno.

No mesmo centro de ensino hai indicacións sobre outras excursións, mesmo de 1889, pero das que existe unha información polo miúdo é das realizadas nos Cursos 1893-94 e 1894-95, recollidas nas Memórias deses cursos. No curso 1893-94, hai 5 excursións, os días 1, 11 e 19, 27 de abril e 6 de maio de 1894; as actividades desenvoltas están, sobretodo, relacionadas coa Xinasia, coa intención de cumplimentar a *hoja antropológica* remesada pola Dirección general de Instrucción Pública. Hai paseos polos arredores da cidade e realizanse diversos exercícios xinásticos; na segunda excursión, co profesor de História



*A recollida e clasificación de minerais e plantas, ou a análise das augas e cultivos, eran algunas das actividades destes excursionistas de hai un século.*

Natural, Rico Jimeno, os alumnos/as percorren 3 Kms, realizan exercícios e atenden a cuestiós de Anatomía e Fisiología.

No Curso 1894-95 as actividades semellan ter unha maior organización e interese para as Ciencias Naturais; o dia 26 de Xaneiro iniciaronse as conferéncias preparatórias para as excursións escolares, que serían duas, en maio, e multidisciplinares. Na primeira os participantes marcharon en tren desde A Coruña até a viciña vila de Betanzos; os profesores que acompañaban e dirixian a excusión correspondían ás asignaturas de Física, História Natural, História e Preceptiva literaria. Pola mañán atendan á Arte e História e polo serán, despois de xantar, pasan a ocuparse das Ciencias Naturais. Segundo as notas, os excursionistas atenden a: Xeoxia, observando o cambio de substrato granítico da Coruña a pizarroso de Betanzos, recollen mostras e fíxanse na alteración do xisto; Botánica, observan, comparadamente coas de Coruña, as familias botánicas e collen exemplares para os herbários; Zooloxia, observan e recollen animais diversos. Como detalle singular e anecdótico, sinalaremos que probablemente Pablo Ruiz Picasso, alumno do Instituto, participou nesta excusión a Betanzos.

O 17 de maio ten lugar a segunda excusión, foi a Cambre, aldea próxima á Coruña, para a que partiron ás 7,30 conducidos por un *ripert*. Percorren a pé a zona, "recogieron y clasificaron minerales y plantas e hicieron el análisis de las aguas y de los cultivos de la región recorrida".

Sobre Xeoxia, comparan a zona coas de Betanzos e A Coruña; rematan coa observación e recolleita de Fauna e Flora. Probablemente foi Rico o que escrebeu o seguinte texto que aparece na Memoria, pp. 14-15: "Fué provechosa y de excelentes resultados, pues en estas expediciones se habitúan los alumnos a buscar y recoger objetos de Historia Natural, y con los conocimientos elementales de que se disponen, se aficionan a tales estudios y se dan cuenta de hechos y fenómenos que no habían comprendido hasta entonces".

Xunto á sua importante actividade docente, Rico preocupouse pola divulgación científica. Nese eido publicou diversos artigos en xornais e os folletos *Enmiendas y abonos de*

*los terrenos* (RICO JIMENO, 1878) e *La filoxera, su descripción, vida, costumbres, propagación, daños y medios de combatirla* (RICO JIMENO, 1879).


## Bibliografía

RICO JIMENO, T. (1878), "Enmiendas y abonos de los terrenos", A Coruña.

RICO JIMENO, T. (1879), "La filoxera, su descripción, vida, costumbres, propagación, daños y medios de combatirla", A Coruña.

## ROTEIROS

# As montañas de Galicia



As montañas de Galicia  
Enrique Vélez Barrio  
M. Carmen Pereiro

15 ITINERAIS  
PARA CAMIÑAR  
POLA MONTAÑA

CON MAPAS,  
ESQUEMAS,  
FOTOGRAFÍAS  
E RECOMENDACIÓNNS.

## XERAIS



### ▼ Pídeo na túa librería habitual ou-a:

EDICIONS XERAIS DE GALICIA  
Doutor Marañón, 12 36211 VIGO

Deseo envien  exemplares de **As montañas de Galicia** a :

Nome (completo) : .....

Enderezo : .....

Poboación : ..... C.P. .....

Forma de pago :

Adxunto cheque bancario por 3.500 pts.

Contrareembolso de 3.500 pts.

